

XXX TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

BORRADOR NORMATIVA DE PARTICIPACIÓN

Organiza:

Concello de Oleiros

Correo electrónico: deportes@oleiros.org

Teléfono: 981 610 000

Colaboran:

Federación Galega de Tríatlon

Protección Civil do Concello de Oleiros

Policía Local do Concello de Oleiros

Garda Civil de Tráfico

Data e horario da carreira:

Sábado 11 de Maio 2019

Saída ás 16:00 h

Distancia:

Para todas as categorías, sprint:

750 m de natación – 21 Km en bicicleta – 5,5 Km de carreira a pé

Participación:

Neste tríatlon poderán participar:

- Todos/as os/as deportistas federados/as na Federación Galega de Tríatlon.
- Aquelas persoas que fagan licenza dun día (achegando copia do DNI).
- Para os efectos de control organizativo o número máximo de participantes será de 200.

Categorías (H/M):

Absoluta (Xeral), Cadete (2002-2004), Xunior (2000-2001), Sub-23 (1996-1999), Veterán 1 (1970-79), Veterán 2 (1969-1960), Veterán 3 (1959 e anteriores)

Calendario de inscrición

- *Do mércores 6 de marzo ás 10:00 horas ata ó mércores 13 de marzo ás 13:00h, abrírase o prazo de **preinscrición** na web municipal do Concello de Oleiros www.oleiros.org, Concellería de Deportes. É necesario achegar os seguintes datos: nome, apelidos, NIF, data de nacemento, categoría, teléfono, enderezo electrónico, enderezo postal (rúa, número, piso, código postal, municipio, provincia), tamaño de camiseta e nome do club ou no seu caso, non federado.*
- *A organización reservará 20 prazas para triatletas das categorías cadete e junior, e 30 prazas para mulleres.*
- *O 14 de marzo publicárase a listaxe de persoas preinscritis, na web municipal.*
- *O 15 de marzo ás 10:00 h farase un sorteo público na Fábrica, no caso de haber máis solicitantes que prazas.*
- *O 18 de marzo publicárase a listaxe provisional na web municipal.*
- *Do 21 ao 26 de marzo (inclusive) será o prazo de **pagamento**. Para facer efectiva a participación o comprobante de pago deberá enviarse a deportes@oleiros.org do 21 ao 26 de marzo. Os/as 200 agraciados/as no sorteo recibirán un correo electrónico cos pasos a seguir. As persoas non federadas para facer a licenza dun día deberán achegar*

ademais a copia do DNI (O Concello de Oleiros correrá cos gastos da tramitación). O custo da inscrición para todos/as os/as participantes é de 15 euros. Agás por causa imputable á Administración, non se fará a devolución do prezo público.

Saída, boxes e meta:

No parque A Lagoa de Mera, situado detrás da praia de Mera.

Recollida de dorsais:

Entrega de dorsais o mesmo día da proba de 13:00 a 15:00 h no parque A Lagoa de Mera.
Control de material de 14:45 a 15:30 h.

Hora de remate da proba: ás 18:00 horas aproximadamente.

A cronometraxe da proba realizarase por medición electrónica, todos/as aqueles que teñan o Champion Chip amarelo o poden usar.

Premios:

Nas categorías absolutas (H/M) premiarase cun trofeo ao campión e unha tarxeta-agasallo por valor de 100 €, para adquisición de material deportivo nunha de tenda deportiva (a informar). O segundo e terceiro clasificado obterán a correspondente medalla polo posto acadado. Nas restantes categorías tamén se entregarán medallas aos/as tres primeiros/as clasificados/as.

A entrega de premios/as farase ao remate da proba.

Todos/as os/as participantes recibirán unha camisola conmemorativa do XXX Tríatlon Concello de Oleiros ao tempo que se sortearán entre todos/as os/as que rematen a proba, 5 tarxetas-agasallo por valor de 50 € para adquisición de material deportivo.

Normas de competición:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento oficial de competición da Federación Galega de Tríatlon.

Aparcadoiro:


Poderase aparcar na rúa Tierno Galván ata unha hora antes do comezo da proba. Os vehículos non se poderán retirar deste aparcamento ata que non remate a carreira a pé do último participante. Aparcadoiros públicos en avenida Curros Enríquez despois de boxes e Avenida María Pita antes de boxes (a 500m. da zona boxes).

Vestuarios:

As duchas estarán situadas no pavillón municipal de Canide, a 1 km da zona de boxes.

XXX TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

BOXES




XXX TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

TRANSICIÓN CICLISMO



XXX TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

NATACIÓN 1 VOLTA, 750 m



Primeiro sector / 750 m de natación

Discorrerá na praia de Mera sobre un círculo de 750 metros ao que se dará unha volta. A saída farase desde a praia Santa ana ata as balizas deixando estas sempre a man dereita.


A proba estará controlada por varias lanchas motorizadas e varias piraguas.

Os/as primeiros/as triatletas completarán este primeiro sector en aproximadamente **10** minutos/as e os/as últimos/as rematarán ás **16:25 h.**

Os/as triatletas dispoñen de 25' para completar o percorrido de natación. A partir dese tempo os/as triatletas quedan fóra de carreira.

XXX TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

CICLISMO 4 VOLTAS, 21 Km



Segundo sector / 21 Km en bicicleta


Estímase que comezará as 16:15 h. O inicio da proba farase saíndo do aparcamento cara á avenida María Pita e continuando pola avenida República Arxentina (Vial autonómico AC-173) o punto de retorno será na parada de autobús de Lourido para volver por esta mesma estrada. Faranse **4 voltas** a este percorrido. Unha motocicleta estará na cabeza da carreira.

Os/as primeiros/as triatletas completarán o percorrido aproximadamente ás **16:50 h** e os/as últimos/as ás **17:15 h**. Chegarán a boxes para deixar a bicicleta e iniciar o terceiro sector.

Os/as triatletas dispoñen de 90' para completar os percorridos de natación e ciclismo. A partir dese tempo os/as triatletas deberá retirarse da carreira.

XXX TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

CARREIRA A PÉ 4 VOLTAS, 5,5 Km



Terceiro sector / 5,5 Km de carreira a pé

Comezará saíndo dos boxes, situados no aparcadoiro, cara á avenida María Pita. A continuación xírase á esquerda continuando pola rúa Tierno Galván. O punto de retorno estará situado antes da inserción da rúa Tierno Galván coa rúa Río Campo volvendo polo mesmo percorrido. Faranse **4** voltas. En todo o percorrido o primeiro home e a primeira muller estarán acompañados/as por un ciclista.

Os/as primeiros/as rematarán a proba ás **17:10 h** e os/as últimos/as ás **18:00 h** aproximadamente.